

Administración de sistemas Windows Server 2016 (virtual)

Descrición

O curso está orientado á obtención dos coñecementos necesarios para converter ao alumnado en administrador/a de sistemas operativos Microsoft Windows Server 2016.

Os/As alumnos/as estarán capacitados/as para demostrar que posúen as habilidades e coñecementos necesarios para implementar e administrar exitosamente sistemas de redes baseados en tecnoloxía Microsoft Windows Server.

O temario cobre os puntos necesarios para que o alumnado se prepare para a certificación MCSA Windows Server 2016.

Dirixido a

O curso está dirixido a administradores/as de TI, técnicos/as de sistemas e profesionais que desexen especializarse na administración de sistemas operativos Microsoft Windows Server 2016.

Os/As asistentes ao curso deberán saber manexar o interface de Windows para localizar, crear e manipular cartafoles e arquivos. Tamén será necesario saber configurar a contorna de escritorio, coñecementos xerais dos compoñentes do hardware -memoria, discos duros e microprocesadores- e coñecemento xeral dos conceptos de rede -sistema operativo de rede, relaciones cliente-servidor e LAN-.

Recomendable ter coñecemento nivel medio comprensión lectora en inglés.

Perfil do docente

Os nosos formadores/as son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (Microsoft) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación de formadores.

DURACIÓN	80 horas
PROGRAMA	Programación 2019/20
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	MCP 70-740: Installation, Storage, and Compute with Windows
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
PERIODO INSCRIPCIÓN	31/03/2020 - 01/04/2020
PROBA DE SELECCIÓN	15/04/2020, 16:00
LUGAR DE DOCENCIA	
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

Instalación, almacenaxe, e rexistro con Windows Server 2016

- Instalación, mellora e migración de servidores e workloads
- Configuración de almacenamento local
- Solucións de implementación de almacenamento empresarial
- Implementación de espazos de almacenamento e duplicación de datos
- Instalación e configuración de Hyper-V e máquinas virtuais
- Administración de contedores de Windows e Hyper-V
- Overview de alta dispoñibilidade e recuperación
- Implementación de failover clustering
- Implementación de failover clustering con Windows Server 2016 Hyper-V
- Implementación de rede de balanceo de carga
- Creación e administración de imaxes do sistema
- Administración, monitoraxe e mantemento de instalacións de máquinas virtuais

Networking en Windows Server 2016

- Formulación e implementación dunha rede IPv4
- Implementación de DHCP
- Implementación de IPv6
- Implementación de DNS
- Implementación e administración de IPAM
- Acceso remoto en Windows Server 2016
- Implementación de DirectAccess
- Implementación de VPN
- Implementación de redes en oficinas
- Configuración de rede avanzada
- Implementación de Software Defined Networking

Active Directory en Windows server 2016

- Instalación e configuración de domain controllers
- Administración de obxectos en AD DS
- Administración avanzada da infraestrutura AD DS
- Implementación e administración de sitios e replicacións de AD DS
- Implementación de políticas de grupo
- Administración de opcións de usuario con políticas de grupo
- Seguridade en servizos de dominio de Active Directory
- Administración de AD CS
- Creación e administración de certificados
- Implementación e administración de AD FS
- Implementación e administración de AD RM

- Implantación de sincronización de AD DS con Microsoft Azure AD
- Monitoraxe, administración e recuperación AD DS